


FUNCIONES E ACTIVIDADES



Entre a información que ofrece Meteogalicia na súa páxina web están imaxes por satélite con toda a información meteorolóxica.

ARQUIVO

Tecnoloxía e precisión de datos

F.D.
OURENSE

Meteogalicia presta varios servicios de información meteorolóxica a través da súa páxina web, con dúas funcións principais que son:

- A elaboración da predición meteorolóxica de Galicia.
- O mantemento da rede de observación meteorolóxica e oceanográfica.

Meteogalicia ten unha estrutura de traballo dividida en catro grandes áreas:

- Predición operativa
 - Predición numérica
 - Climatoloxía e observación
 - Área de Tics.
- A composición de Meteogalicia conta cunha rede de observación ademais de persoal profesionalizado:

- O persoal de Meteogalicia consta de preto de 35 persoas, fundamentalmente licenciados e doutores en físicas.
 - Por outra banda, as instalacións técnicas contan con avanzada tecnoloxía para óptimas previsións:
 - Dispón dun receptor satélite Meteosat de 2ª xeración, un sistema de detección de raios e o lanzamento de radiosondeos en situacións meteorolóxicas especiais.
 - instalacións de referencia como radares meteorolóxicos postos en marcha nos últimos anos de avanzada precisión.
- Dende Meteogalicia realízanse diferentes actividades o longo do ano, tanto en Galicia como na participación de proxectos a nivel europeo:
- Meteogalicia participa en varios proxectos europeos que lle permiten mellorar os seus modelos de predición e a rede de observación oceanográfica que xestiona conxuntamente co Intecmar.
- A páxina web é o medio a través do que o servizo de Meteogalicia pon a disposición todo o traballo que desenvolve a gran parte dos cidadáns.

METEOGALICIA OFRECE DENDE A SÚA WEB UN GRAN NÚMERO DE SERVICIOS DE INFORMACIÓN SOBRE O TEMPO EN GALICIA, QUE ABRANGUEN DENDE AS PREVISIÓNS NOS DISTINTOS CONCELLOS COMO O ESTADO DO MAR

• O acceso á páxina web de Meteogalicia tense incrementado de xeito moi importante ao longo dos últimos anos, chegando no 2009 aos preto de 173 millóns de visitas, cun promedio diario de 473.000 visitas. ■

Costa Cantábrica
(de Culleredo a Sares)

	10 a 12 Δh	12 a 18 Ph	Notas
Vento	↘	↘	Temp. Augs. 15°C
Forza	6 a 8	6 a 8	Temp. Aire Mar. 14°C
Estado do mar	☁	☁	Temp. Aire Niv. 11°C
Mar de fondo	☁	☁	Índice UV Max. 5
Altura das ondas (m)	6 a 7	6 a 8	
Ceo	☁	☁	
Visibilidade	baxa	regular	

Predición para portos e confrarías
Para ver a predición para portos e confrarías prema nesta ligazón

A información marítimado día e as previsións están dispoñibles dende a web.

PÁXINA WEB

Predicción completa en tempo real

■ A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a través de MeteGalicia, pon ao servizo dos cidadáns unha zona de consultas na páxina web www.meteogalicia.es sobre as condicións meteorolóxicas das diferentes rutas que conforman o camiño de Santiago.

A través destas consultas poderase coñecer en tempo real a situación climatolóxica, así como ter datos sobre a predicción para o día da consulta e o seguinte. Trátase dun servizo de mellora que ofrece unha nova variante de consulta do estado meteorolóxico.

Deste xeito, os cidadáns que están a facer o Camiño de Santiago –e a sociedade en xeral– poderán consultar os valores de temperatura, sensación térmica e un informe meteorolóxico coa situación actual. Non obstante para a predicción, ademais da información anterior, ofrécense a posibilidade de coñecer a temperatura máxima e mínima e o vento previsto.

Por outro lado, con esta iniciativa os responsables de MeteGalicia subliñan este tipo de proxectos de gran utilidade para o cidadán, xa que ademais de familiarizalos coas consultas e os sistemas de predicción meteorolóxica, permiten realizar consultas máis puntuais sobre as condicións climatolóxicas da Comunidade galega.

FORMACIÓN

Dende a Consellería de Medio Ambiente apóstase por actividades e accións de divulgación e concienciación da meteoroloxía. Neste senso, na páxina web de MeteGalicia habilitouse un portal dedicado as novas actividades en formación meteorolóxica coa posibilidade de descargar arquivos con recursos educativos.

Un dos obxectivos dos responsables de MeteGalicia é acercar o mundo da meteoroloxía aos cidadáns e por iso –a través da páxina web de MeteGalicia– os colexios e os institutos de Galicia poden descargar os formularios para solicitar unha visita ás instalacións a este centro de predicións da Comunidade galega.

	MIN	MAX
A Coruña	9°	14°
Cuntis	9°	12°
Ferrol	9°	14°
Fisterra	10°	14°
Lalín	8°	10°
Lugo	8°	11°
Monforte	8°	11°
O Barco	8°	11°
Ortigueira	9°	14°
Ourense	11°	13°
Pedrafita	1°	4°
Pontevedra	11°	14°
Ribadeo	11°	14°
Santiago	8°	12°
Verín	3°	11°
Vigo	11°	14°
Vilagarcía	12°	14°
Viveiro	10°	14°

Paxina web de MeteGalicia (www.meteogalicia.es) con toda a información meteorolóxica á disposición dos usuarios.

Outra das iniciativas dirixidas á comunidade escolar de Galicia é a mostra Expo-Meteoro, que tamén se pode consultar (a través dun documento pdf) no portal web de MeteGalicia.

REFERENTE

MeteGalicia cumpre máis de dez anos converténdose nun referente da meteoroloxía. Como mostra da utilidade dos seus servizos cómpre destacar as súas múltiples intervencións, como fonte de información nos adversos meteorolóxicos, como o Klaus ou o Xynthia; sen olvidar a súa labor cotiá de servizo aos cidadáns, a través da páxina web dos medios de comunicación. A web "meteogalicia.es" é unha das 10 máis visitadas de Galicia.

Ó longo deste período MeteGalicia ten acadadas cotas sobresaíntes na observación da atmosfera, mediante a rede de estacións meteorolóxicas, hoxe en proceso de certificarse mediante unha ISO9001, a primeira de España; mediante a rede de boias oceanográficas



A web ofrece en tempo real o tempo nas distintas rutas xacobeas a Santiago.

■ O SERVICIO É UN REFERENTE EN DIVULGACIÓN E CONCIENCIACIÓN DA METEOROLOXÍA EN GALICIA

na costa galega; o radio-sondaxe e a rede de detección de raios. Trátase dunha rede de medicións que se completará o longo deste ano cun novo radar meteorolóxico en Cuntis. Ademais, continuamente estase a mellorar os sistemas

de predicción que utiliza MeteGalicia. A modo de exemplo, hai dez anos non se falaba de máis aló de un ou dos días de predicción do tempo, mentras que a día de hoxe falamos de ata oito días de adianto na predicción e ademais faise so-

GALARDÓN

MeteGalicia é un referente no pronóstico do tempo dende fai máis de 10 anos, recibindo importantes premios como o de mellor web site dos Premios Galicia Submarina. Estes galardóns son concedidos, dende o ano 2004, pola revista de mergullo Espacio Submarino. Trátase da única publicación do noroeste peninsular dedicada exclusivamente ao mergullo recreativo. O premio concedeuse polo valor informativo que ofrece á sociedade, en xeral, e aos deportistas e afeccionados ao mergullo de Galicia, en particular. ■

bre distintas cidades do país. Tamén se conta con produtos específicos para sectores determinados, como as vagas de calor, predicións de praias, predicións marítimas para un sector tan estratéxico e importante como é o mar. ■